



SESION ORDINARIA DE 30 DE XULLO DE 2024

(Acta número 08)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

- D^a. María del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- D. Miguel Fernández Méndez
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. Iván Castro Díaz
- D. Daniel García Fernández
- D. Antonio Ameijide Os,orio
- D. José Pardo Lombao
- D. Francisco Javier Balado Teijeiro
- D. José Angel Santos Sánchez
- D. Jesús Manuel Núñez Díaz
- D^a Iria Castro Fernández
- D. Carlos López López
- D. Javier Varela Pérez
- D. Armando Castosa Alvariño
- D^a. María Sol Morandeira Morandeira
- D. Francisco Cajoto Caserío
- D. José Demetrio Salgueiro Rapa
- D. José María Fernández Vázquez
- D. Clemente Iglesias González
- D. Luis Fernández Guitián
- D^a. María del Carmen López Moreno
- D. Héctor Manuel Corujo González

Secretaria:

D. Montserrat Conde López

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de xullo de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretaria substituta a Secretaria-Interventora da Corporación D^a. Monserrat Conde López, e asiste como interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o vicepresidente D. Efrén Castro Caloto.

Asiste de xeito telemático, manifestando que se encontra en territorio español o señor deputado don Iván Castro Díaz.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	1/32



Por parte do señor Presidente maniféstase que a ausencia do señor Vicepresidente don Efrén Castro Caloto é por causa de enfermidade.

Así mesmo o señor Presidente comunica que a asistencia telemática a este pleno do señor Deputado D. Iván Castro Díaz débese a que vén de ser pai e non lle é posible asistir presencialmente. Así mesmo o Presidente transmítelle ó señor Deputado a felicitación por tan feliz acontecemento.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=2>


2.- TOMA DE POSESIÓN DO SEÑOR DEPUTADO DON HÉCTOR CORUJO GONZÁLEZ.

Dáse conta de que comprobada a credencial expedida pola Xunta Electoral Central designando a Don Héctor Manuel Corujo González como Deputado Provincial desta Corporación, e de que foron presentadas as declaracións de bens patrimoniais e de actividades e toda a restante documentación necesaria e suficiente en cumprimento da lexislación vixente, procede dar posesión do cargo de Deputado Provincial a Don Héctor Manuel Corujo González.

Por parte do Presidente da Deputación procédese á toma de xuramento ou promesa do cargo de Deputado Provincial, baixo a fórmula: *“xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”*, ao que o Deputado responde *“si prometo”*.

A continuación o Sr. Presidente dá a benvida ao novo Deputado e entrégalle o Diploma acreditativo do cargo, a Insignia de ouro da Deputación Provincial de Lugo e a Medalla de ouro, todos eles atributos recoñecidos polo Regulamento de Honras e Distincións da Excm. Deputación Provincial de Lugo. Seguidamente o Sr. Deputado Provincial Don Héctor Manuel Corujo González pasa a ocupar o seu escano no Grupo Provincial Popular.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	2/32



Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=3>

PARTE RESOLUTIVA

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE SARRIA Ó TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


Esta Deputación Provincial procedeu a creación dun Tribunal específico no seu ámbito territorial e asimesmo para calesquera entes dependentes como órgano especializado e funcionalmente independente que ostentará a competencia para resolver os recursos especiais en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), ao amparo do previsto no artigo 46.4 in fine da devandita Lei.

O apartado 4 do artigo 46 LCSP, de carácter básico, respecto ao órgano competente para a resolución do recurso especial, expresa que:

"En todo caso, los Ayuntamientos de los municipios de gran población a los que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y las Diputaciones Provinciales podrán crear un órgano especializado y funcionalmente independiente que ostentará la competencia para resolver los recursos. Su constitución y funcionamiento y los requisitos que deben reunir sus miembros, su nombramiento, remoción y la duración de su mandato se regirá por lo que establezca la legislación autonómica, o, en su defecto, por lo establecido en el artículo 45 de esta Ley. El Pleno de la Corporación será el competente para acordar su creación y nombrar y remover a sus miembros. El resto de los Ayuntamientos podrán atribuir la competencia para resolver el recurso al órgano creado por la Diputación de la provincia a la que pertenezcan"

O concello de Sarria con data 05/07/2024 comunicou a esta administración a adopción en Pleno da Corporación Municipal de data 27/06/2024 do acordo de solicitude de adhesión ó Tribunal Administrativo de Recursos contractuais da Deputación de Lugo, que se aprobou nos seguintes termos:

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	3/32



“D. Claudio Melquiades Garrido Martínez, Alcalde do concello de Sarria (Lugo), conforme ao establecido polo artigo 46.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, e a disposición adicional primeira do regulamento do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo; en virtude do Acordo plenario de data 27/06/2024, pon en coñecemento desa Deputación o mencionado acordo polo que se atribúe ao Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo a competencia para que coñeza e resolva, con relación aos procedementos de adjudicación desta Entidade Local, os recursos especiais en materia de contratación, cuestións de nulidade, solicitude de medidas provisionais ou cautelares, e demais asuntos nos termos establecidos pola lexislación vixente sobre contratación pública e polo citado Regulamento provincial.”

O regulamento do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, sinala :

“Disposición adicional primeira.-

Convenios e acordos de adhesión. A Deputación Provincial de Lugo manterá actualizada e fará pública a relación de entidades adheridas, mediante o réxime de convenios ou acordos de adhesión, ao Tribunal. A tal fin aprobarase pola Deputación Provincial de Lugo un modelo de adhesión ao Tribunal.”

Dita previsión, permite a adhesión mediante acordo por parte de outras entidades conferindo a dito órgano a competencia para a resolución de recursos especiais e demais actuacións conferidas ós tribunais administrativos en materia de contratación.

Visto o contido da solicitude, e as previsións da norma básica e do regulamento do TARCLU, correspondería ó pleno da corporación por maioría absoluta a competencia para a adoptar o acordo de adhesión do concello de Sarria, ó abeiro do artigo 47.2 h da LRBRL na medida que supón a aceptación dunha atribución competencial.

Visto o informe favorable da Secretaría Xeral, propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do concello de Sarria ó Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo.

Segundo.- Notificar ó concello de Sarria e o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo o presente acordo.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	4/32



Terceiro.- Facultar ao Sr. Presidente ou en quen este delegue para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=4>

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONDICIÓN DA REDUCIÓN DO CAPITAL SOCIAL DA MERCANTIL XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA - XESTUR SA, COA DEVOLUCIÓN DO CAPITAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Analizado o informe emitido pola Secretaría Xeral, en data de 18 de xullo de 2024, baixo o CSV IV7UW6B5BYNMJWBSSRU4AZCOAY, co seguinte teor literal:


“Antecedentes:

1º.- *A Deputación Provincial de Lugo é titular dunha serie de accións e, polo tanto, forma parte do accionaría da sociedade mercantil Xestión do Solo de Galicia - XESTUR, S.A., con CIF núm. A70392758, co seguinte detalle:*

Titular	Núm. de Accións	Valor Nominal	Capital Social	% Participación
Deputación Lugo	418 (numeradas da 18139 á 18556)	1.714,243980 €	716.553,98 €	0,34

2º.- *Ditas accións figuran inscritas no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Excm. Deputación Provincial de Lugo no Epígrafe IV, folio catrocentos trinta, tal como se*

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	5/32



recolle na Escritura de Fusións das accións na sociedade "Xestión do Solo de Galicia - XESTUR S.A, de data de 23 de decembro de 2013, outorgada ante o notario Héctor Ramiro Pardo García, con número 1814 do seu protocolo, de acordo coa certificación emitida pola Sección de Inventario, en data de 10 de xullo de 2024, baixo o CSV IV7UUGKLNZ7SUXXZ7Q5W4D2HCA.

3º.- O seu valor nominal actual, así como a porcentaxe de participación da Deputación Provincial de Lugo, variou da inicial pola sucesivas ampliacións de capital que subscribiu o IGVS e Patrimonio da Xunta, nas que non participou a Deputación polo que a participación da Deputación minorou, de acordo co comunicado por XESTUR Galicia.


4º.- Na Xunta Xeral de accionistas da sociedade Xestión do Solo de Galicia - XESTUR, S.A., celebrada na data 11 de xuño de 2024, deuse conta da próxima reestruturación da sociedade, como consecuencia da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, aprobada polo Decreto 49/2024 de 22 de abril, na que as competencias de solo empresarial se adscriben á Consellería de Economía e Industria, quen pasa a asumir a tutela funcional de XESTUR, S. A., pasando as competencias de vivenda e solo residencial á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, o que fai necesario, á súa vez, separar o patrimonio e actividades ata o de agora desenvolvidas de forma conxunta por XESTUR, S.A.

5º.- No contexto anteriormente descrito de reestruturación da sociedade XESTUR, S.A., na referida Xunta Xeral de accionistas de data 11 de xuño de 2024, valorouse a posible saída do accionariado das Deputacións Provinciais de A Coruña, Pontevedra e Lugo e do O.A. INORDE, dependente da Deputación de Ourense, todo elo por razóns de operatividade e dada a escasa participación destes organismos no capital social da sociedade.

6º.- Consonte ao anterior, en data 14 de xuño de 2024, o Consello de Administración da sociedade XESTUR, S.A., adoptou, por unanimidade, o acordo consistente en comunicar ás Deputacións Provinciais de A Coruña, Pontevedra e Lugo e ao O. A. INORDE, dependente da Deputación de Ourense, as condicións nas que podería ter lugar a súa saída do accionariado de XESTUR, S.A., si estas o consideran do seu interese, e aos efectos de que poidan iniciar e completar os trámites internos necesarios para adoptar os acordos procedentes.

7º.- A operación que se propón polo Consello de Administración de XESTUR, S.A. para instrumentar a saída das Deputacións Provinciais e do INORDE do accionariado de XESTUR, S.A é a dunha redución de capital nunha contía equivalente ao importe da participación dos referidos Organismos no capital social de XESTUR, S.A., con devolución de aportacións aos socios saíntes na contía de participación que corresponde a cada un en función do valor nominal das súas accións que, trala redución de capital para

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	6/32



compensar perdas aprobada na Xunta Xeral de XESTUR, S.A. celebrada o 27 de xuño do 2024, é o que se recolle a continuación:

	Número Accións	Valor Nominal	Importe Participación
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	763	1.714,243980 €	1.307.968,16 €
DEPUTACIÓN DE LUGO	418	1.714,243980 €	716.553,98 €
INORDE (DEPUTACIÓN DE OURENSE)	192	1.714,243980 €	329.134,84 €
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	65	1.714,243980 €	111.425,86 €
	1.438		2.465.082,84 €

8ª.- Na comunicación que enviou XESTUR, S.A. á Deputación Provincial, en data 27 de xuño do 2024, indícase que se está a tramitar unha operación de escisión parcial de XESTUR, S.A. mediante a creación dunha nova sociedade, á que se traspasaría a actividade de vivenda e solo residencial. Si esta operación de escisión parcial se finaliza antes da operación de saída das Deputacións e do INORDE do accionariado de XESTUR, S.A., esta saída tería lugar non só do accionariado de XESTUR, S.A., senón tamén da nova sociedade beneficiaria da escisión, segundo os tempos en que teñan lugar as operacións antes referidas. Agora ben, en ambos casos, o capital a devolver as Deputacións pola súa saída sería o do seu valor nominal.


Consideracións Xurídicas

Primeira.- A proposta feita por XESTUR, S.A., consiste na redución do capital social nunha contía equivalente ao importe da participación de as Deputacións Provinciais de A Coruña, Pontevedra e Lugo e ao O. A. INORDE, dependente da Deputación de Ourense, con devolución de aportacións aos socios saíntes, na contía de participación que corresponde a cada un en función do valor nominal das súas accións, co que correspondería á Deputación Provincial de Lugo a cantidade de 716.553,98 €, en concepto de devolución de aportacións pola súa participación no capital social de XESTUR, S.A.

Segunda.- En canto á redución de capital, o artigo 317 do Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Sociedades de capital establece:

“1. La reducción del capital puede tener por finalidad el restablecimiento del equilibrio entre el capital y el patrimonio neto de la sociedad disminuido por consecuencia de pérdidas, la constitución o el incremento de la reserva legal o de las reservas voluntarias o la devolución del valor de las aportaciones. En las sociedades anónimas, la reducción del capital puede tener también por finalidad la condonación de la obligación de realizar las aportaciones pendientes.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	7/32



2. La reducción podrá realizarse mediante la disminución del valor nominal de las participaciones sociales o de las acciones, su amortización o su agrupación”

Terceira.- O artigo 318 da referida Lei engade:

“1. La reducción del capital social habrá de acordarse por la junta general con los requisitos de la modificación de estatutos.

2. El acuerdo de la junta expresará, como mínimo, la cifra de reducción del capital, la finalidad de la reducción, el procedimiento mediante el cual la sociedad ha de llevarlo a cabo, el plazo de ejecución y la suma que haya de abonarse, en su caso, a los socios.”

Cuarta.- Con data de 27 de xuño de 2024, a Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas da sociedade mercantil Xestión do Solo de Galicia – XESTUR, S.A acordou reducir o capital social de XESTUR na cantidade de 7.528.519,16€ coa finalidade de compensar os resultados negativos que figuran no Balance que serve de base, reducindo a cero os resultados negativos. Esta redución de capital se realizaría minorando o valor nominal das accións de XESTUR que pasaría de 1.775,927368 euros a 1.714,243980 euros e se modificarían os artigos 6 e 7 dos Estatutos Sociais de XESTUR para recoller o valor nominal das accións.

Quinta.- Respecto ao órgano competente, da Deputación de Lugo, para a adopción deste acordo, en virtude do disposto no artigo 33 b), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e á vista de que o órgano competente para a adopción do acordo na sociedade Xestión do Solo de Galicia – XESTUR, S.A. en relación á saída das Deputacións do accionariado é a Xunta Xeral, o órgano competente sería o Pleno da Deputación...”


De acordo co exposto e visto o informe emitido pola Intervención Provincial, en data de 19 de xullo de 2024 , baixo o CSVIV7UW4BIHAPSUTNJQPHC576CU, propónse ao Pleno Provincial:

1º.- Aprobar a saída da Deputación Provincial de Lugo do accionariado de Xestión do Solo de Galicia – XESTUR S.A, nas condicións aprobadas polo seu Consello de Administración de data 14 de xuño de 2024.

Titular	Núm. de Accións	Valor Nominal	Capital Social	% Participación
Deputación Provincial de Lugo	418 (numeradas da 18139 á 18556)	1.714,243980 €	716.553,98 €	0,34

As condicións da saída do capital social serían as seguintes:

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	8/32



- Accións a amortizar: 418 (numeradas da 18139 á 18556)

- Valor nominal de cada acción: mil setecentos catorce euros con vinte e catro céntimos (1.714,24 €).

- Valor total: setecentos dezaseis mil cincocentos cincuenta e tres euros con noventa e oito céntimos (716.553,98 €)

- Forma de pagamento: Mediante transferencia bancaria á CC desta Deputación número ES04 2080 0163 8531 1000 0423.

2º.- Este acordo terá eficacia tanto no relativo á saída do accionariado da sociedade Xestión do Solo de Galicia – XESTUR S.A como, no caso que se produza unha escisión parcial desta Sociedade e se constitúa unha nova Sociedade. En todo caso a Sociedade que, no seu caso, se constitúa terá que abonar á Deputación Provincial de Lugo as cantidades referidas no punto anterior.

3º. Trasladar o presente acordo ao consello de Administración da sociedade Xestión do Solo de Galicia – XESTUR S.A. aos efectos oportunos

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=5>


5.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA A MELLORA DA CANLE DE REGADÍO DO VAL DE LEMOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	9/32



condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno para a mellora da canle de regadío do Val de Lemos.

O plan de regadío do Val de Lemos, creado no ano 1.966 cunha superficie inicial de 5.500 ha, foi un dos grandes fracasos da política agraria do franquismo en Galiza.

As obras de construción das canles de regadío, que incluíron a construción do encoro de Vilasouto, acometéronse durante os anos 60 e 70, pero contaron con múltiples carencias dende un principio, cunha falta de concentración parcelaria, de estudos de mercado ou de obras de nivelación do terreo.

Deste xeito, as preto de 5.500 hectáreas que se proxectaron inicialmente no val de Lemos, como a maior zona de regadío agrícola de Galiza, finalmente quedaron en pouco máis de 2.000 hectáreas ás que realmente chega a auga a través da rede de canles de regadío.

Porén, escasamente 600 hectáreas empregan realmente o regadío, estando abandonadas a maioría das terras agrarias.

A día de hoxe, existe unha elevada demanda de superficie para o cultivo de forraxe por parte dos gandeiros e doutras entidades agrarias pertencentes aos concellos incluídos no regadío do Val de Lemos. As propias comunidades de regantes demandan constantemente unha mellora das infraestruturas e da súa xestión.


Porén, aspectos como as infraestruturas obsoletas, en parte sen rematar, e a ausencia dun proceso de concentración parcelaria da práctica totalidade da área afectada, fan inviable a súa explotación na actualidade.

Da superficie total afectada polo regadío, algo menos da metade ten aproveitamento agrogandeiro na actualidade. Isto conleva a que da SAU existente só se aproveita un 45% polas explotacións gandeiras, sendo o 35% en réxime de alugueiro.

A canle de regadío construída a finais dos anos 60 do século pasado e, dende aquela apenas mellorada nin mantida, sofre agora o consecuente deterioro producido polo paso do tempo. Isto faina pouco útil, de cara ao aproveitamento sostible da auga empregada por parte dos regantes.

Por todo isto, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno Provincial esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo cos seguintes acordos:

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	10/32



- Instar ao Goberno do Estado a condonar a débeda da que son titulares as Comunidades de Regantes.
- Instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil á realización dun censo para a mellora da xestión en toda a zona do dominio.
- Instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil á renovación e actualización da infraestrutura da canle por parte da propia Confederación
- Instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil a non eliminación da infraestrutura de regadío na marxe dereita da canle baixa de Monforte de Lemos.
- Solicitar ao goberno da Xunta de Galiza a realización dunha parcelaria ou agrupación de fincas, nas zonas afectadas pola canle, sen prexuízo das fincas con usos residenciais conforme á legalidade.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=6>


6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA A ANULACIÓN DA SUBA DO CANON DE RECOLLIDA DE LIXO DE SOGAMA ÓS CONCELLOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia a anulación da suba do canon de recollida de lixo de Sogama ós concellos.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	11/32



O anuncio realizado pola empresa pública Sogama o pasado mes de xuño, adiantando a súa intención de subir o canon de recollida de lixo ós concellos galegos xerou a lóxica inqueda e indignación entre os responsables municipais. Unha vez máis, o goberno do PP amosa a súa insensibilidade acerca da situación das facendas locais, ás que lonxe de axudar, non deixa de cargar ca suba de canons ou deixando recaer nelas competencias que debería asumir o goberno autonómico.

A comezos deste mes de xullo, a FEGAMP rexeitou a proposta de subida do canon e deixou ademais ó descuberto a febleza dos argumentos presentados polos responsables da Xunta e de Sogama. Segundo o PP, a suba sería a consecuencia do incremento dos impostos estatais, en concreto, o imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, regulado no capítulo II da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Pero o certo é que este imposto está transferido á Xunta por lei dende decembro dese mesmo ano, e que a Xunta ten previsto ingresar polo mesmo algo máis de 12M€.


Nas súas xustificacións para subir o canon, Sogama indica que asumiu este imposto estatal no ano 2023, e que non o repercutiu ós concellos, pero o que Sogama e a Xunta non din é que este importe foi ingresado na súa totalidade pola Xunta de Galicia. Seguindo cas medias verdades, Sogama di que aportará 9M€ a través do Fondo de Cooperación Local, para minorar un pouco o impacto da subida, que en lugar de chegar a unha suba media de 78€ por Tm, quedaría en 66€.

Pero o que de novo o PP cala é que eses 9M€ dos que se fala, non os aporta a Xunta a maiores, senón que xorden dos 12M€ que a propia administración autonómica detraeu do Fondo de Cooperación Local para crear o Fondo Ambiental. Dito doutro xeito, a Xunta está presumindo de darlles a maiores ós concellos cando o certo é que o que fixo é reducir o Fondo de Cooperación Local.

Dende o Grupo Provincial Socialista de Lugo, queremos sumarnos ó rexeitamento a suba do canon de Sogama que os concellos galegos, a través da FEGAMP, teñen expresado. Entendemos que a autonomía do poder local non pode exercerse de xeito pleno sen garantir a suficiencia financeira. Unha suficiencia que a Xunta non son non atende, senón que tenta minguar con actuacións como a que provoca esta moción. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- A retirada do proxecto de suba do canon de recollida de lixo anunciada por Sogama o pasado mes de xuño.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	12/32



- Que se empregue a totalidade dos 12,1M€ de que consta o Fondo Ambiental – detraído do Fondo de Cooperación Local - como alternativa á suba do canon, con criterios de poboación e toneladas de lixo.
- Que a Xunta de Galicia faga ademais unha achega suplementaria pola cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, o tributo que se argumenta para xustificar a medida e que xa está a recadar a propia Xunta.
- Que a Xunta desenvolva medidas para incrementar a eficacia do reciclaxe e reverter os seus beneficios na veciñanza, en concreto, promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros; trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica a través do quinto contedor e instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.
- Que a Xunta e Sogama abran unha comisión de traballo ca FEGAMP para traballar no deseño do canon para o 2025 tendo en conta a situación e necesidades dos concellos e estudando a necesidade de modificar o modelo de xestión de residuos da Comunidade Autónoma.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.


Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=7>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN INTEGRAL DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA PARA MAIORES E PERSOAS DEPENDENTES.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	13/32



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia un plan integral de atención sociosanitaria para maiores e persoas dependentes.


As sociedades intelixentes aprenden das traxedias para sacar ensinanzas que lles axuden a no volver cometer os mesmos erros. E se algo se puido aprender da pasada pandemia do covid foi que o sistema de atención sociosanitario en Galicia non funcionou de xeito correcto. Foron os maiores que viven en residencias o colectivo que sufriu en maior medida o impacto da enfermidade, en parte polo modelo de residencias de grande tamaño, modelo que cada vez máis está a promover a Xunta, en parte porque quedou de manifesto que o goberno autonómico incumpre a súa propia lexislación e non garante ás persoas maiores e dependentes o acceso en plena igualdade á carteira de servizos da rede de Saúde Pública, nin cumpre os principios básicos recollidos na súa propia Lei de servizos sociais de Galicia, entre outros, a equidade e equilibrio territorial e a descentralización e proximidade.

Para a Xunta a atención ós maiores é, ante todo, un tema de mercado, que se debe deixar en mans de grandes firmas privadas, que se guían polo obxectivo do beneficio económico. A Xunta deixou e deixa abandonados ós maiores que empregan o servizo dunha residencia. Estes pasan a ser unha sorte de cidadáns de segunda. Como se viu durante a pandemia, estar nunha residencia equivale, literalmente, a non poder ir ó médico cando se precisa. E a habitar nun limbo no que o acceso universal á Sanidade Pública, recollido polo noso ordenamento constitucional, queda diluído e pasa a ser, por abandono de funcións da Xunta de Galicia, un tema gracial ou discrecional, que se nos fai cre que depende da vontade ou posibilidades da dirección de cada centro concreto.

Lonxe de aprender da pandemia, que aconsellaba apostar por centros residencias máis pequenos e por potenciar a relación entre o sistema de saúde e os servizos sociais, a Xunta de Galicia non deixou de traballar no sentido contrario. Os anuncios da conselleira de Servizos Sociais sobre un novo modelo de residencias quedaron en fume; os servizos sanitarios, especialmente no rural, seguen a sufrir recortes de persoal e especialidades.

E agora, a Xunta ven de presentar unha nova medida que vai dirixida, claramente, a prexudicar ó modelo de residencias de pequeno tamaño situadas nos núcleos do rural. A recente proposta de modificación da Orde 18 de abril de 1996 sobre a regulación e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores é un exemplo de como prexudicar de facto o modelo de pequenas residencias que está a

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	14/32



desenvolver esta Deputación Provincial da man dos Concellos de menor capacidade económica e técnica. Un modelo recoñecido polas autoridades españolas e europeas, e ninguneado de xeito sistemático pola Xunta de Galicia.

As malas intencións da proposta son evidentes dende o inicio, cando se di que se consultaron “ás entidades que podan resultar afectadas por ela”, e non se consultou a esta Deputación, titular dunha importante rede de centros asistenciais, pero tampouco a outro tipo de entidades que están a xestionar centros de pequenos tamaño como os concellos de Paradela ou Castro de Rei.


Como en todas as propostas demagóxicas, a redacción do novo texto disfraza de suposta atención o que é, na realidade, unha deixadez de funcións evidente. Porque a atención sanitaria, e o acceso á mesma, é un dereito fundamental de todos os cidadáns, con independencia da súa idade, lugar de residencia, grado de dependencia ou discapacidade. E esa atención ten que ser prestada polo SERGAS. En coordinación cos servizos sociais, en función da situación da persoa, pero sen que esa circunstancia supoña, como da a entender a modificación proposta, que a garantía da saúde pasa a mans do persoal dos centros asistenciais.

A Xunta de tal sorte creou a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria durante a pandemia, cuestión que parecía darlle unha maior importancia aos coidados dos nosos maiores, pero a realidade foi e é algo ben distinto, quizás porque quen está ao fronte ben de “descargar” xestións do Sergas e agora ben a “descargar” xestións de política social. Sen dúbida a visión e as políticas son totalmente contrarias á atención social real e necesaria dos nosos maiores, apostando por modelos obsoletos e arcaicos baseados na institucionalización sanitaria, aloxándose das políticas e indicacións da Unión Europea. Exemplo destas políticas de concentración son os centros de media estancia que están a proxectar... moi cómodo e lóxico cunha persoa mar de Cervantes se opere dunha cadeira a manden a recuperar a Santiago.

A modificación da Orden formulada pola Xunta, só amosa a visión en túnel que teñen da asistencia sociosanitaria, esquecéndose de profesionais tan relevantes para o coidado no ámbito social como os profesionais do traballo social, da terapia ocupacional, psicología, fisioterapia, etc. Unha visión moi enfocada á dependencia “tradicional” non vendo a nova realidade do envellecemento da nosa poboación.

Se realmente quixeran apostar polo coidado de calidade das persoas maiores, apostarían por reforzar servizos como o de xeriatria do HULA, que son un exemplo de cooperación e colaboración e de profesionalidade. Pero en contra diso, non reforzan este servizo e cargan a asistencia sanitaria en función de parámetros no integrais aos pequenos centros de atención residencial, situados no medio rural, xa que nas grandes urbes, este tipo de modelos non se dan.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	15/32



Sen dúbida, quen pecha consultorios, especialidades hospitalarias e centros de día, pretende disfrazar os recortes obrigando ás pequenas residencias a contratar persoal sanitario, e cargando sobre elas unhas obrigas e competencias que corresponden, no caso de Galicia, ó SERGAS.

Que a medida non busca a mellor atención dos maiores, senón obrigar ás pequenas residencias a contratar a máis persoal – imaxinamos que desexando que pechen e deixen todo o mercado para o modelo de grandes residencias hotel – queda de manifesto cando a obriga de contratar persoal sanitario se aplica ás “residencias de maiores” e non ós “fogares residenciais”, que contan ata cun 25% de residentes cualificados como grandes dependentes, nin as vivendas comunitarias, onde viven persoas con dependencia porque a Xunta non lles da o recurso que precisan, iso si, aos xestores destas os sancionan se non os botan, como un caso recente na Fonsagrada.

Dende a experiencia de ter levantado unha rede provincial de residencias para maiores que está a garantir o envellecemento digno das persoas no seu entorno, o Grupo Provincial Socialista de Lugo quere reivindicar de novo o modelo asistencial posto en marcha nesta Deputación. Un modelo que ofrece unha solución residencial ós maiores e ás súas familias mantendo o arraigo no territorio. Un modelo que entendemos que é o que precisa esta provincia, e para o que reclamamos o respaldo da Xunta de Galicia e a colaboración continua coas autoridades sanitarias, para garantir o acceso dos maiores ós servizos que como cidadáns lles outorga a Constitución. Por iso sometemos, de novo, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- O deseño dun Plan Integral de Atención Sociosanitaria que garanta o acceso ós servizos sanitarios dos maiores e as persoas dependentes, tanto do medio urbano como do rural, residan nos seus domicilios ou en establecementos vencellados á rede asistencial pública ou privada. Contar para este deseño con profesionais que traballen no día a día cos maiores, non deseñados por xestores que descoñecen a realidade que se vive nos servizos sociais.
- Que o devandito plan garanta o acceso á carteira de servizos sanitarios de todas as persoas usuarias dos establecementos da rede asistencial a maiores – residencias, fogares asistenciais, vivendas comunitarias – de xeito que non se produzan situacións de desigualdade en función da tipoloxía do centro, do seu tamaño ou da súa xestión pública ou privada.
- O reforzo inmediato dos servizos sanitarios no rural, especialmente no que fai a Atención Primaria, responsable de garantir a atención sanitaria a maiores, enfermos crónicos ou persoas dependentes, dende o plantexamento de que o benestar dos

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	16/32



nosos maiores é competencia dos servizos sociais, pero a súa saúde ten que ser atendida polo SERGAS.

- O reforzo do persoal de enfermaría, así como dos medios materiais necesarios para garantir a atención ou traslado a centros sanitarios dos maiores usuarios de residencias sempre que o precisen”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Neste momento, e como reiteradamente está ocorrendo nos últimos Plenos, prodúcense incidencias provocadas por membros dunha plataforma de Becerreá, que asisten como público, sendo desaloxados, por indicación do Presidente, dos palcos do Salón de Plenos, por alterar o desenvolvemento do Pleno ao producir ruidos e protestas airadas, especialmente motivadas por dona María Lourdes Fernández Arias, con DNI ***3266**, e dona Ana María Freijó Maseda, con DNI ****0650**.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.


Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=8>

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	17/32



8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA QUE GARANTA O PERSOAL SUFICIENTE E QUE EVITE OS RECORTES NOS CENTROS EDUCATIVOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do BNG para solicitar á Xunta de Galicia que garanta o persoal suficiente e que evite os recortes nos centros educativos.

Exposición de Motivos:

Unha educación pública para todas e todos é un dereito básico que nos garante a Constitución e que temos que salvagardar, independentemente de cal sexa o lugar onde vivamos.


Alén diso, o obxectivo de todo goberno ten que ser mellorar a educación e facela máis accesible, pero o goberno do partido popular na Xunta non parece seguir estas premisas, xa que todos os anos hai novos recortes que afectan a persoal e alumnado e inciden na brecha que hai entre o alumnado do rural e as cidades.

No ano 2009 os sindicatos e a Xunta asinaron uns acordos, polos cales se poderían agrupar varios cursos nunha mesma aula cumprindo as seguintes ratios:

- Grupos de distinto nivel pero mesmo ciclo, cando sexan menos de 14 alumnos.
- Grupos de distinto nivel e distintos ciclos, cando sexan menos de 12 alumnos.
- Grupos de todos os niveis cando sexan menos de 10 alumnos.

Este ano voltaron negociar deixando fóra ao sindicato maioritario do ensino na Galiza (CIG) e ademais de ratificar o acordo xa asinado, baixouse a ratio de 25 a 20 alumnos por aula en educación infantil e primaria e de 30 a 25 en secundaria, aínda que cun calendario moi extenso no tempo, xa que a devandita baixada se vai facer progresivamente e comezando só para o curso que vén en 4º de Infantil, polo que tardará en chegar a secundaria e bacharelato. Sen esquecer que non reduce ratios noutras ensinanzas como a formación profesional.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	18/32



A realidade é que, dende o 2009, nunca se respectou este acordo e temos claro que non está a cumprir o asinado no 2024 como están reclamando as familias de Fonsagrada ou de Baleira. Nin as ratiños, nin tampouco o cómputo dobre ou triple do alumnado con discapacidade ou dependencia recoñecida.

Isto mesmo está pasando nos centros de Sober, A Fonsagrada, Alfoz, Ribas de Sil, Lugo, Bóveda, Castro de Rei ou Pantón, onde as ANPAS xa se están mobilizando e aínda non recibiron resposta da Delegación Territorial da Xunta de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Solicitar á Xunta de Galiza o cumprimento das ratios asinadas en 2009 e na sinatura do Acordo de Melloras.
- 2.- Solicitar á Xunta de Galiza reforzo docente nos centros que o precisen, sobre todo naqueles onde teñen maior número de alumnado con NEE.
- 3.- Solicitar á Xunta de Galiza o incremento do orzamento destinado á educación nos vindeiros orzamentos de 2025.


A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	19/32



o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=9>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN DEFENSA DA IGUALDADE ENTRE ESPAÑOIS E EN CONTRA DE PRIVILEXIAR A UNHAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS FRONTE A OUTRAS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular en defensa da igualdade entre españois e en contra de privilexiar a unhas comunidades autónomas fronte a outras.

Exposición de Motivos:


A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 2 a “indisoluble unidade da Nación española, recoñecendo e garantindo o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas”. Este precepto fundamental, contemplado ademais nos artigos 138 e 139 da Constitución, subliña o principio de igualdade, establecendo que todas as comunidades e cidades autónomas deben ter os mesmos dereitos e obrigacións no marco do Estado.

Así mesmo, o artigo 14 da Constitución consagra o principio de igualdade e non discriminación, garantindo que “todos os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Con todo, hai tan só uns días, a publicación no BOE da Lei de Amnistía e a súa consecuente entrada en vigor, materializou o camiño emprendido polo goberno de Pedro Sánchez de quebra do principio de igualdade entre todos os españois independentemente do lugar no que vivan, e a súa clara intención de enterrar o actual Estado das Autonomías.

A todo iso, hai que engadir as últimas dúas concesións do goberno de España aos partidos independentistas en Cataluña para conservar a Moncloa e lograr a

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	20/32



investidura de Salvador Illa como presidente da Generalitat de Catalunya. Mentres que ERC esixiu ao Goberno un “financiamento singular” para Catalunya, Junts arrincou o compromiso de Sánchez de incluír “unha cláusula catalá” en todos os proxectos de lei que presente o Goberno a cambio de apoialos cos seus votos en sede parlamentaria. A intención dos partidos independentistas é clara: diferenciar á comunidade autónoma de Catalunya sobre outras apoiándose nunha suposta singularidade que non recoñece a Constitución Española de 1978 e que suporá aínda máis avances na ruptura da unidade de España e da igualdade entre todos os españois.

Ademais, o artigo 138 da Constitución Española garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 antes mencionado “velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español” e salienta en que “as diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais”. Por tanto, esta pretendida independencia fiscal de Catalunya non está contemplada na Constitución, nin no propio Estatuto de Autonomía de Catalunya, nin na Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA). É dicir, non sería constitucional e o goberno estaría a poñer fin á solidariedade entre os distintos territorios, un principio fundamental que nos une como país.

Ademais, debemos considerar que o Tribunal Constitucional establece que "son os Estatutos de Autonomía as normas chamadas a fixar as competencias asumidas dentro do marco establecido na Constitución, articulándose así o sistema competencial mediante a Constitución e os Estatutos de autonomía" (STC 76/83).

Coa aprobación da Lei de Amnistía, o Goberno de España xa exculpou os delitos cometidos vinculados á declaración de independencia de Catalunya deslexitimando o Estado de Dereito, branqueou a sedición e reduciu as penas por malversar fondos públicos, entre outros., todo iso, en lugar de velar pola igualdade de todos os españois. Agora non debe nin pode asumir esta imposición competencial, nin unha “singularidade financeira” e, tampouco, a condonación da débeda que a administración catalá mantén co Estado español.

A nova medida apuntada polo Goberno de Pedro Sánchez non pode ser máis regresiva e insolidaria, prexudicando especialmente ás comunidades autónomas con menor renda e xerando unha pugna entre territorios. Cada comunidade autónoma presenta as súas singularidades e todas deben ser tidas en conta, porque, pola contra, estaríase a consagrar o principio de que hai cidadáns de primeira e de segunda, segundo onde se viva.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	21/32



Se Cataluña recibise un financiamento especial, negociada á marxe da multilateralidad que esixe o vixente Sistema de Financiamento Autonómico ou, peor aínda, se avanzase no proxecto reclamado polo independentismo da creación dunha Axencia Tributaria Catalá, con plenas competencias para regular, xestionar e recadar todos os impostos., esta comunidade autónoma deixaría de contribuír á solidariedade interterritorial e non participaría dos mecanismos de nivelación que utiliza o Estado para repartir os recursos fiscais entre todas as rexións.

Neste contexto, non podemos deixar de denunciar que esta chantaxe continua á que os independentistas someten ao actual goberno de España xera unha enorme inseguridade xurídica que escorrenza investimentos e proxectos empresariais, fainos menos competitivos como país e prexudica a todos os territorios do noso país.

Consideramos que é imprescindible reafirmar o compromiso do Estado coa igualdade de todos os españois e coa homoxeneidade no exercicio das competencias autonómicas, evitando calquera disposición legislativa que beneficie de maneira singular a unha comunidade autónoma en detrimento das demais e a pretensión dos partidos independentistas de condicionar a repartición de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Cataluña sobre calquera materia. Esta estratexia política levaranos ao remate dos principios de equilibrio territorial e de unidade de país que todos os españois acordaron e construíron en 1978.


O alto prezo que o goberno de Pedro Sánchez pretende pagar en nome de todos os españois aumenta aínda máis a brecha aberta polo seu goberno diferenciando entre cidadáns de primeira e de segunda. Non debemos esquecer que aquilo que se outorgue a un territorio fronte a outros o pagaremos o resto dos españois. Ademais, implicaría unha diminución no dereito de todos os españois a acceder a uns servizos públicos de calidade e en igualdade de condicións.

Por tanto, expresamos o firme compromiso coa defensa da igualdade entre todos os cidadáns españois, da xustiza, no marco dunha Constitución que garante a unidade e a solidariedade da nosa nación.

Por todo elo o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

1.- Reafirmar o compromiso co principio de igualdade entre todos os españois que se recolle na Constitución Española, garantindo que ningunha disposición legislativa inclúa cláusulas ou disposicións que favorezan a unha comunidade autónoma sobre outras.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	22/32



2.- Velar polo equilibrio económico e social e o crecemento xusto entre as diversas partes do territorio español, conforme ao establecido nos artigos 2, 14 e 138 da Constitución.

3.- Impulsar un diálogo construtivo e solidario no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira entre todas as comunidades autónomas e as dúas cidades autónomas para abordar a reforma do sistema de financiamento autonómico buscando un reparto equitativo e xusto dos recursos, que preserve a autonomía fiscal das Comunidades Autónomas, o principio de coordinación coa facenda estatal e a solidariedade entre todos os españois coa finalidade de alcanzar o necesario equilibrio interterritorial e garantir que todos os españois accedan en condicións de igualdade aos servizos públicos con independencia do territorio no que residan.

4.- Promover unha reforma do sistema de financiamento local conxuntamente co financiamento autonómico, que garanta os principios de igualdade, xustiza social, solidariedade e equidade, e na que se teñan en conta criterios como a características sociodemográficas, a dispersión, o despoboamento, as formas de asentamento da poboación e os estándares de cobertura dos servizos públicos básicos ou a importancia do territorio na protección do medio ambiente e do patrimonio natural.


5.- Revisar e, no seu caso, modificar calquera proxecto de lei que conteña cláusulas que poidan ser interpretadas como discriminatorias ou que atenten contra a igualdade entre todos os españois, asegurando que todas as iniciativas legislativas respecten os principios constitucionais de unidade, igualdade e solidariedade.

6.- Fomentar a transparencia e participación de todas as comunidades autónomas e as dúas cidades autónomas nos procesos legislativos que afecten o marco competencial autonómico, asegurando que os seus intereses articúlense de maneira xusta e equitativa.

7.- Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia Primeira e Ministerio de Facenda, ao Ministerio de Política territorial e Memoria Democrática e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado e á Xunta de Goberno da F.E.M.P.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor deputado Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	23/32



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=10>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A DESENVOLVER UN PLAN DE APOIO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A XESTIÓN DO CICLO DA AUGA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar ao goberno da Deputación a desenvolver un Plan de apoio aos concellos da provincia para a xestión do ciclo da auga.

Exposición de motivos:

O abastecemento de auga é un dos problemas aos que se teñen que enfrontar os Concellos na actualidade e, previsiblemente, nos vindeiros anos. Un claro exemplo foi o do pasado verán en Foz que pasou semanas sen auga da traída municipal cos conseguíntes prexuízos causados aos veciños e veciñas e aos locais de hostalería en plena temporada alta.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	24/32



A escaseza de auga, a renovación e modernización das infraestruturas hidráulicas ou as esixencias normativas en materia de control de calidade e en relación á xestión das augas residuais son algúns dos aspectos que deben atender dende os Concellos e que requiren importantes recursos técnicos e económicos. De feito, ter que garantir e manter tanto a captación, coma o abastecemento e, incluso, o tratamento tanto da auga dirixida ao consumo humano e animal coma das augas residuais supón un importante esforzo para as arcas municipais.

Deste xeito, faise prioritaria a colaboración da Deputación de Lugo e, segundo se recolle no artigo 26.2.b) da Lei Reguladora de Base do Réxime Local (LRBRL), nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes será a Deputación Provincial a que coordinará os servizos de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

Tamén se recolle no artigo 36.1 da LRBRL que son competencias propias das Deputacións a coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal e a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A Deputación Provincial de Ourense é un exemplo de cooperación cos Concellos en relación ao ciclo da auga como demostra o feito de ter impulsado unha solicitude conxunta á primeira convocatoria de subvencións para proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga no marco das axudas do PERTE para a dixitalización do ciclo da auga da que resultaron beneficiados 79 Concellos ourensáns.

Mentres que a Deputación Provincial de Ourense cumpriu coa súa obriga de colaborar cos Concellos, a Deputación de Lugo puido ter organizado tamén unha estratexia conxunta e asesorar aos 67 Concellos da provincia, pero non o fixo. E a práctica totalidade dos Concellos da provincia de Lugo -excepto dous- quedaron fóra destas axudas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a desenvolver un plan de apoio a tódolos Concellos da provincia para a xestión do ciclo da auga que inclúa:

1.- Asesoramento técnico a tódolos Concellos da provincia de Lugo en relación ao ciclo da auga.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	25/32



2.- Coordinación con todos os Concellos da provincia que o desexen para impulsar de forma conxunta proxectos para presentar ás convocatorias de axudas das distintas administracións para a mellora do ciclo da auga.

3.- Apoio económico a tódolos Concellos da provincia para investimentos en obras destinadas ao abastecemento, saneamento e mellora do ciclo da auga, a través dunha partida específica recollida nos orzamentos da institución provincial de, polo menos, 3 millóns de euros ao ano.

4.- Unha mesa de coordinación integrada por persoal técnico, representantes dos distintos grupos da corporación provincial e os alcaldes ou representantes municipais en quen deleguen.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor deputado Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.


Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=11>

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	26/32



PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023, POLO CONCELLO DE SAMOS.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2023, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “.. *Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan único, motivadamente, poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....*” dáse conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 28/06/2024 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do concello de Samos, solicitando a substitución/modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2023, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.


Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240730&punto=12>

12.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVOS A MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN DEPUTACIÓN 2024, POLOS CONCELLOS DE GUITIRIZ E COSPEITO.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Deputación 2024, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “.. *Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan único, motivadamente, poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de*

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	27/32



Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 28/06/2024 en relación co escrito presentado polas Alcaldías dos concellos de Guitiriz e Cospeito, solicitando a substitución/modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2023, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=13>

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL 2023 SOBRE CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE.

Dada conta do informe anual 2023 sobre cumprimento en materia de morosidade, o Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=14>

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CONTROL FINANCIERO PERMANENTE DA CONTA 413 DO EXERCICIO 2023.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe sobre control financeiro permanente da conta 413 do exercicio 2023.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=15>


15.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ó vinte e oito de xuño de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2574 ao 3090. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=16>

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	28/32



16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=17>

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a que a Deputación actúe con celeridade nos traballos de desbroce nas marxes das estradas provinciais de toda a Provincia, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:


As estradas provinciais deben presentar bo estado durante todo o ano para garantir a seguridade dos veciños e veciñas que as empregan a diario. Pero no verán o volume de tráfico e de desprazamentos aumenta por varios motivos como poden ser os traballos agrícolas, o incremento de citas festivas ou outros eventos culturais, deportivos e sociais ou a chegada de turistas e visitantes á provincia.

Ademais de garantir un bo estado de conservación do firme das vías provinciais, é necesario que as marxes das mesmas estean libres de maleza para favorecer a visibilidade dos condutores e peóns e a seguridade viaria de todos; pero a finais do mes de xullo, en pleno verán, aínda non foran realizados os traballos de desbroce en moitas vías da Deputación de Lugo. Entre elas, en zonas turísticas que incrementan exponencialmente o tráfico no verán como poden ser A Mariña ou a Ribeira Sacra.

É inconcibible que a maleza obstrúa parte da calzada dificultando a visibilidade e, polo tanto, poida supoñer un risco para os usuarios.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	29/32



A Deputación de Lugo actúe con celeridade nos traballos de desbroce nas marxes das estradas provinciais de toda a provincia para garantir a seguridade dos usuarios e con previsión en vindeiras anualidades para ter contratados os traballos de forma que empecen antes da temporada estiva”l.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a que o Goberno Provincial inste a Adif a executar reparacións periódicas puntuais con carácter provisional e garantir a seguridade viaria, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Moitas estradas provinciais presentan mal estado de conservación e, incluso, nalgúns casos con serias deficiencias que dificultan a circulación de vehículos con seguridade debido á existencia de baches, blandóns, desgaste do pavimento de forma máis acusada polos bordes da calzada, etc.

Nalgúns casos, coma o da LU-P-4103 ao seu paso polo termo municipal de Pantón, son enormes as dificultades para poder circular por ela e, incluso, pode danar aos vehículos. Está totalmente desfeita polos danos provocados polo paso de maquinaria pesada procedente das obras que se están a executar na vía ferroviaria dende fai máis de dous anos e medio nesta zona.


A situación é similar noutras estradas de titularidade provincial coma a LU-P-4105, tamén no termo municipal de Pantón; os treitos novo e vello da LU-P 5901, a LU-P 5902 e a LU-P 5905 ao seu paso polo municipio de Sober.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que inste a Adif a:

- executar reparacións periódicas puntuais con carácter provisional para garantir a seguridade viaria nas estradas provinciais LU-P-4103, LU-P-4105 (ao seu paso polo termo municipal de Pantón), os treitos novo e vello da LU-P 5901, LU-P 5902 e LU-P 5905 (no termo municipal de Sober), así como outras vías afectadas polos traballos de Adif, segundo se vaian producindo danos nestas, debido ao paso de maquinaria pesada para acometer obras na rede ferroviaria.

- garantir diariamente a seguridade viaria na zona ata que unha vez rematadas as obras cumpran o compromiso de repoñer a perfecto estado as infraestruturas viarias deterioradas polo paso da maquinaria durante a duración dos traballos”.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	30/32



PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa a que a Deputación apoiará a implantación do Proxecto GAMA Greenfiber de fabricación de fibras textiles do grupo Altri en Palas de Rei, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O presidente da Deputación, José Tomé, e os grupos do equipo de goberno -PSOE e BNG-, votaban en contra no pleno da Corporación provincial de marzo deste ano dunha proposta do Partido Popular de apoio á implantación da iniciativa empresarial de Altri para o asentamento da futura fábrica de fibras téxtiles en Palas de Rei, sempre garantindo o cumprimento de toda a normativa medioambiental, técnica e demais que sexa de aplicación.

Pola contra, trala reunión mantida o pasado mércores 17 de xullo co Presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda; o Presidente da Deputación deixaba aberta a porta durante a comparecencia ante os medios de comunicación a apoiar o proxecto se cumpre os aspectos legais e medioambientais. É dicir, exactamente o que se propoñía dende o Grupo Provincial Popular e que contou co seu rexeitamento fai 4 meses.


Este é o segundo cambio de opinión do equipo de goberno da Deputación de Lugo en relación á instalación da fábrica de fibras téxtiles na provincia. En xullo do 2022 votaba a favor dunha iniciativa do PP aprobada por unanimidade no Pleno da corporación provincial -é dicir, cos votos tamén de PSOE e BNG- para demandar ao Goberno de España liñas de apoio no marco dos fondos europeos *Next Generation* para o desenvolvemento na nosa provincia da primeira fábrica de fibras téxtiles de España que se prevé instalar no municipio lucense de Palas de Rei.

Por esas mesmas datas, o presidente do Goberno garantía ao presidente da Xunta vía libre ao PERTE de Altri con 700 millóns de investimento durante unha reunión na Moncloa.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

“Á vista das declaracións do Presidente D. José Tomé e, en caso de que finalmente o proxecto conte cos todos os informes técnicos favorables, a Deputación de Lugo apoiará a implantación do Proxecto GAMA Greenfiber de fabricación de fibras téxtiles do grupo Altri en Palas de Rei?”

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	31/32



Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ordenar a posta a disposición dos cidadáns do aparcadoiro das chairas 1 e 2 do complexo de Santa María fora do horario de traballo do persoal provincial, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

En febreiro de 2022, os grupos do BNG na Deputación e no Concello anunciaron a apertura do aparcadoiro do Fogar de Santa María á cidadanía para, ás poucas horas, pechalo o Sr. Presidente da Deputación por decisión propia creando así, naquela etapa, unha nova división entre os grupos de goberno en ambas administracións.

Tralo peche do aparcadoiro, o propio Presidente anunciaba a súa próxima apertura para o mesmo ano 2022, pero a realidade é que dous anos despois, aínda non se abriu.

E, se ben as obras de acondicionamento deste aparcadoiro remataron en setembro do ano pasado, a data de hoxe segue pechado a todos os lucenses a pesar de que o día 17 de abril deste ano o Sr. Presidente aprobou unha resolución na que se establecían as instrucións sobre o uso do aparcadoiro das chairas 1 e 2 do complexo de Santa María, con acceso desde Rolda da Muralla e Rúa Chantada, respectivamente.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta que este aparcadoiro xa se está a utilizar en horario de oficina polos traballadores da institución provincial, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cando ten pensado o Sr. Presidente ordenar a posta a disposición dos cidadáns do aparcadoiro das chairas 1 e 2 do complexo de Santa María fora do horario de traballo do persoal provincial?”

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240730&punto=18>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

	IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Fecha y Hora	09/08/2024 09:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MONSERRAT CONDE LÓPEZ		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7USS3IDEHS75EDCFNTOIPWL4	Página	32/32

